FO208/2027

Programa de subvencións a concellos para financiar a supresión da simboloxía franquista nos espazos públicos, a realización de actividades e sinalización de espazos de recuperación da memoria democrática

Deputación DA CORUÑA

OBXECTO DA CONVOCATORIA

Financiamento de actuacións destinadas á recuperación da memoria democrática e á eliminación da simboloxía franquista nos espazos públicos.

Actuacións subvencionables
Retirada de:

- Escudos, placas e insignias franquistas.
- Mencións ou elementos de exaltación do franquismo.
- Restauración posterior dos bens inmobles municipais afectados.

Actividades de recuperación e difusión da memoria democrática.
Sinalización e mantemento de espazos de memoria.
Actos de homenaxe e recoñecemento ás persoas e colectivos que sufriron persecución ou represión fascista entre 1936 e 1978.



Está dirixido a concellos da provincia da Coruña con menos de 10.000 habitantes.

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Sinalización e mantemento de espazos de memoria e actos de homenaxe e recoñecemento público das persoas ou colectivos que padeceron persecución fascista no período comprendido entre o 18 de xullo de 1936 e a entrada en vigor da Constitución Española de 1.978.

Retirada de escudos, placas, insignias, ou mencións conmemorativas de exaltación persoal ou colectiva de eloxio ao franquismo e a posterior restauración do ben inmoble de titularidade municipal afectado.

Actividades sobre a recuperación da memoria democrática en todas as súas manifestacións.

BASES

1. Bases reguladoras: BOP nº 197, do 15 de outubro de 2026.

2. Extracto da convocatoria: BOP nº 200, do 20 de outubro de 2026.

PRAZOS E TRAMITACIÓN

1. **20 de novembro de 2026 ás 14:00 horas.**

A solicitud está aberta ata as 14:00 horas do día 20 de novembro de 2026

2. **SUBTEL**

A tramitación realizase exclusivamente a través da plataforma SUBTEL, na sede electrónica da Deputación.

3. **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2027.**

As actividades deben executarse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2027.

CONTÍA E GASTOS

3.000 €

SUBVENCIÓN MÍNIMA

10.000 €

SUBVENCIÓN MÁXIMA

20 %-80 %

PORCENTAXE DO GASTO SUBVENCIONABLE

Admítense gastos correntes, como servizos profesionais, publicidade, soldos vinculados à actividade, materiais non inventariables e reparación de equipamentos.

Non se admiten investimentos.

DOCUMENTACIÓN

- Certificación acreditativa do acordo da solicitude.
- Acreditación da delegación da Alcaldía.
- Memoria descriptiva do proxecto.
- Anexo fotográfico dos elementos a retirar ou do espazo a sinalizar.
- Certificacións de estar ao corrente coa Axencia Tributaria e coa TXSS (agás autorización de consulta de datos).
- Orzamento estimado dos gastos.

CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES (MÁX. 70 PUNTOS)

1. Coeficiente de financiamento solicitado (ata 10 puntos)
20% - 29,99%: 10 puntos
30% - 39,99%: 8 puntos
40% - 49,99%: 6 puntos
50% - 59,99%: 4 puntos
60% - 80%: 0 puntos

2. Tipo de actuación

Acto de homenaxe: 5 puntos
Investigación, estudo ou documentación histórica: 5 puntos
Sinalización de espazos ou roteiros da memoria: 15 puntos

CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES (MÁX. 70 PUNTOS)

3. Eliminación de simboloxía antidemocrática (ata 15 puntos)
1 símbolo retirado: 5 puntos
2 símbolos retirados: 10 puntos
3 ou máis símbolos retirados: 15 puntos

4. Actividades de divulgación (ata 15 puntos)
1 actividade: 5 puntos
2 actividades: 10 puntos
3 ou máis actividades: 15 puntos

Computan individualmente conferencias, charlas, cursos, congresos, publicacións, exposicións, etc., aínda que se realicen na mesma xornada.

5. Poboación do concello (ata 5 puntos)
Menos de 2.000 habitantes: 1 punto
Entre 2.000 e 5.000 habitantes: 3 puntos
Entre 5.001 e 10.000 habitantes: 5 puntos

OBRIGAS

DIFUSIÓN DO APOIO DA DEPUTACIÓN

Toda a comunicación e publicidade das actividades subvencionadas deberá incluír o logotipo da Deputación da Coruña nun lugar visible.

A referencia á colaboración da Deputación deberá figurar en:

Publicacións impresas.
Páxinas web.
Redes sociais.
Materiais audiovisuais.
Outros soportes de difusión.

Nos actos de inauguración de espazos da memoria, presentacións de programas ou homenaxes deberá convidarse á Deputación da Coruña.

Os traballos de investigación e documentación histórica deberán incorporar o logotipo da Deputación.

OBRIGAS

DIFUSIÓN DO APOIO DA DEPUTACIÓN

Requisitos específicos para a sinalización de espazos

As placas, paneis e elementos informativos deberán:

Incluír o logotipo da Deputación en lugar destacado.
Incorporar a lenda obrigatoria:

"Vítimas do golpe de estado fascista de 1936"

Uso obrigatorio da lingua galega

A páxina web oficial do concello deberá estar dispoñible en galego.

Todos os materiais e actividades subvencionadas deberán realizarse en galego

Poderán utilizarse outras linguas de forma complementaria.

PREGUNTAS FRECUENTES

Pregunta frecuente 1.

É necesaria autorización cando a actuación se realiza nun espazo que non é de titularidade municipal?

Resposta: Si. Cando as actuacións de eliminación de simboloxía franquista se desenvolvan en espazos que non sexan de titularidade municipal, deberá achegarse a autorización expresa da persoa ou entidade titular do inmoble ou espazo afectado.

Exemplo: Se a intervención se realiza nun ben da Igrexa, deberá incorporarse a correspondente autorización do Arcebispado.

PREGUNTAS FRECUENTES

Pregunta frecuente 2.

Son subvencionables todos os gastos asociados ao proxecto?

Resposta: Non necesariamente. É preciso revisar previamente a natureza dos gastos incluídos no proxecto, xa que os investimentos, con carácter xeral, non son subvencionables. Unicamente poderán admitirse aqueles casos nos que, de acordo coa normativa contable aplicable, o gasto non teña a consideración de investimento.

Por este motivo, recoméndase verificar tanto a subvencionabilidade dos gastos prevista nas bases reguladoras como o seu correcto tratamento contable antes de presentar a solicitude.

GRAZAS